

galicia

3^{as} Xornadas de portas abertas nas rutas dos viños de Galicia



Sábado 31 de maio
e domingo 1 de xuño:

Rias Baixas e Ribeiro

Sábado 7 e domingo 8 de xuño:

*Monterrei, Ribeira Sacra
e Valdeorras*

XUNTA DE GALICIA




RUTAS DO VIÑO

de Galicia



- 1 Monterrei
- 2 Ribeiro
- 3 Rías Baixas
- 4 Ribeira Sacra
- 5 Valdeorras



escala 1:1.000.000
0 10 20 30 40 km

- | | | | |
|--|----------------------|--|--------------------------|
| | AUTOSTRADAS | | LIÑAS DE FERROCARRIL |
| | AUTOVIÁS | | CAMIÑO DE SANTIAGO |
| | ESTRADAS NACIONAIS | | PATRIMONIO DA HUMANIDADE |
| | ESTRADAS AUTOMÓNICAS | | |



De viños e turismo

Achegándose a calquera das cinco **Rutas dos Viños de Galicia** con **Denominación de Orixe** poderás facer unha orixinal viaxe en torno á **vide** e ao **viño**. Tanto en parella como en compañía da túa familia ou dos teus amigos, propoñémosche un paseo entre viñedos.

A celebración das *III Xornadas de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia* –que terán lugar as fins de semana do 31 de maio e 1 de xuño nas Rías Baixas e no Ribeiro e os días 7 e 8 de xuño en Monterrei, Ribeira Sacra e Valdeorras– bríndanche a escusa perfecta para non demorar máis esta experiencia. Podes optar entre as sobranceiras paisaxes de **Monterrei** presididas pola súa imponente fortaleza medieval, as do **Ribeiro** e súa antiga historia vitivinícola, as das **Rías Baixas** e os seus pazos e xardíns históricos, as da **Ribeira Sacra**, cheas de maxia de corte monacal ou as de **Valdeorras**, territorio de senlleiras covas... Paisaxes que mudan as súas cores e texturas con cada estación do ano.

Aproveita esta ocasión para coñecer non só as grandes adegas galegas, de modernas construcións, senón tamén aquelas máis pequenas, acolledoras e familiares, onde os colleiteiros che amosarán con agarimo o seu coidadoso traballo.



En que consisten as III Xornadas de Portas Abertas?

Se te unes ás III Xornadas poderás facer **visitas guiadas e gratuitas** ás adegas participantes na promoción. Todas terán as súas portas abertas para ti durante a fin de semana da campaña*. Ao finalizar a visita ofreceranche como agasallo unha degustación dos mellores viños de Monterrei, O Ribeiro, Rías Baixas, Ribeira Sacra ou Valdeorras. Tamén atoparás unha serie de restaurantes onde poderás xantar aproveitando esta oferta especial. Os menús compoñeranse de primeiro e segundo pratos, maridados ambos con viños da Denominación de Orixe na que te atopes. O prezo final, con IVE, será de 25 € e levará incluída a sobremesa. Os restaurantes adheridos tamén ofrecerán menús infantís para os nenos menores de 12 anos que acompañen aos adultos. O prezo destes menús infantís será de 10 € (IVE incluído).

En cada Ruta poderás atopar ademais un **programa especial de actividades** para a fin de semana: haberá catas comentadas, visitas a museos do Viño, rutas monumentais, paseos en barca, trens turísticos, descontos en aloxamentos e outras accións relacionadas co mundo do viño.

* Realizaranse tres visitas guiadas o sábado e unha o domingo
co seguinte horario de atención ao público:
Sábado: 11:30h, 13:00h e 18:00h / Domingo: 12:00h
Recoméndase confirmar a visita vía telefónica coa adega correspondente.



sábado 7 e domingo 8 de xuño

Portas Abertas
nas Rutas dos Uíños
de Monterrei, Ribeira Sacra
e Valdeorras





Ribeira Sacra
Ruta do Viño

De viños pola

Ribeira Sacra

A Ruta do Viño da Ribeira Sacra esténdese entre as provincias de Ourense e Lugo, marcando o seu límite natural o propio leito do río Sil, que nuns poucos quilómetros irá acompañado tamén polo seu eterno compañeiro, o Miño. Todos os concellos da ruta están distribuídos entre cinco subzonas de produción: Amandi, Chantada, Quiroga-Bibei, Ribeiras do Miño e Ribeiras do Sil; un extenso territorio no que o tempo se para para facerche gozar dunha terra que comparte a súa beleza paisaxística coa maxia dun rico patrimonio monumental de corte monacal. Terra marcada pola confluencia dos ríos Miño e Sil, cuxos sucros van marcando encaixados canóns de maxestosa beleza, que chegan a alcanzar no seu punto máximo ata os 500 metros de profundidade. Aquí, o noso itinerario vainos introducindo nunha experiencia chea de aventura. Ladeiras escarpadas ao carón da nosa estrada, canóns vertixinosos ao outro, e na súa paisaxe viñedos e soutos de castiñeiros se intercalan nun eterno entendemento, sendo de aquí en diante os nosos fieis compañeiros de viaxe. Pero, se espectacular é o noso traxecto por estrada, aínda pode selo máis por auga. Alguén cualificou estes canóns como os mares interiores de Galicia e tanto o Sil como o Miño posúen cursos fluviais navegables en catamarán. Dende a auga podemos divisar a paisaxe de bancais, nos que as vides loitan por gañar terra á montaña. Mostras dunha paisaxe humanizada na que o esforzo humano e a paixón pola terra marcan a súa pegada. O traballo da viña na Ribeira Sacra é identificado e coñecido como “viticultura heroica” polo esforzo e tempo que supón poñer en produción vitivinícola o terreo.

Este esforzo “heroico” tradúcese no seus viños. Os brancos son afroitados e cun fino toque de acidez, cun lixeiro retrogusto e delicada presenza no padal. Os tintos destacan polo seus aromas limpos, elegantes e intensos, e a súa cor cereixa brillante con ribetes púrpura. Equilibrados e ben estruturados, resultan uns viños redondos e amplos en boca.





Ribeira Sacra
Ruta do Lobo



E ademais dos viños, podes achegarte a:

- ✓ *O canón do río Sil e os seus miradoiros*
- ✓ *O mosteiro de Santo Estevo de Ribas de Sil, convertido en Parador de Turismo*
- ✓ *O mosteiro escavado de San Pedro de Rochas, un dos máis antigos de Galicia*
- ✓ *O núcleo alfareiro de Niñodagua*
- ✓ *O mosteiro de Santa María de Xunqueira de Espadanedo, de orixe románica*
- ✓ *O mosteiro co templo de arte herreriana de Montederramo*
- ✓ *O mosteiro románico de Santa Cristina de Ribas de Sil e o souto que o rodea*
- ✓ *O castelo de Castro Caldelas*
- ✓ *Montefurado, o túnel escavado na montaña polos romanos para extraer ouro*
- ✓ *O Monforte de Lemos medieval e o seu Centro do Viño*
- ✓ *As igrexas de San Fiz de Cangas, San Miguel de Eiré, Santo Estevo de Atán ou San Vicenzo de Pombeiro*
- ✓ *O mosteiro cisterciense das Bernardas de Ferreira de Pantón*
- ✓ *As rúas asoportaladas de Chantada*
- ✓ *A igrexa de Santa María de Pesqueira, ubicada nun entorno máxico*
- ✓ *As igrexas románicas de Santo Estevo de Ribas de Miño e San Paio de Diomondi*
- ✓ *San Martiño da Cova e a vista sobre o Cabo do Mundo*



Programa especial na Ruta do Uíño Ribeira Sacra



Viñobus Ribeira Sacra

Saídas dende Ourense, Monforte e Chantada. Visítanse as adegas participantes nestas III Xornadas. Necesaria reserva previa. Servizo gratuíto. Máis información e reservas nos Tfs: 698 167 991 / 982 410 968 ou en rutavino@ribeirosacra.org.

Tren Turístico da Ribeira Sacra

Vehículo especial que realiza un tour entre os viñedos de Amandi, visita unha adega con degustación do seu viño e fai parada para xantar no restaurante A Cantina. Prezo: 25€.

Máis información (horarios e saídas) no Tf: 982 198 717 ou en info@acantina.es

Tren Turístico Ribeira Sacra

Doade, 79
27424 Sober (Lugo)
Tf: 982 198 717
www.abasacra.com
info@acantina.es

Paseo en lancha motorizada polo Miño

Ofrecido pola empresa Quinta Sacra.

OFERTA ESPECIAL. Sábado 7-domingo 8 de xuño (Ribeira Sacra do Miño):

OPCIÓN 1: PASEO EN BARCA CORTO + CATA DE VIÑOS D.O.: Duración (1:30 horas). 180€

OPCIÓN 2: SENDEIRISMO+PASEO EN BARCA CORTO +CATA DE VIÑOS. Duración (2:30- 3 horas). 220€

Capacidade máxima da barca: 15 persoas. Flexibilidade horaria, recoméndase reserva previa. Máis información Tf: 637 478 260

Quinta Sacra

San Miguel de Vilela, 8 - 27550 Taboada (Lugo)
Tf: 637 478 260
www.quintasacra.es
turismo@quintasacra.es

Centro de Interpretación do Viño

Visita á exposición do Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra, en Monforte, de forma gratuíta durante os dous días das III Xornadas de Portas Abertas. Horario: sábado e domingo, de 10h00 a 14h00 e de 16h30 a 20h00.

Centro de Interpretación do Viño da Ribeira Sacra

R/ Comercio, 6 - 27400 Monforte de Lemos (Lugo)
Tf: 982 105 303
www.centrovino-ribeirosacra.com
info@centrovino-ribeirosacra.com

Ecomuseo de Arxeriz

O Ecomuseo de Arxeriz permanecerá aberto o sábado de 11h00 a 14h00 e de 17h30 a 20h00; e o domingo, de 11h00 a 14h00. Durante estas xornadas, a entrada será gratuíta.

Ecomuseo de Arxeriz

Arxeriz - Fión - 27548 O Saviñao (Lugo)
Tf: 982 031 040/ 692 941 667
www.sotodefion.org
info@sotodefion.org
ecomuseodearxeriz@gmail.com

Rutas do Románico

A empresa Máis que Románico, oferta gratuitamente a visita polas "Rutas do Románico" nos concellos de Pantón e Chantada. A realizar en coches particulares. Saídas o sábado e o domingo ás 10h30. O sábado saíase dende o mosteiro das Bernardas, en Ferreira de Pantón e o domingo o punto de encontro será a casa da Cultura de Chantada. Imprescindible reservar.

Máis que Románico

Rúa Ourense 47 - 4º C
27400 Monforte de Lemos (Lugo)
Tf: 646 533 229
www.maisqueromano.blogspot.com.es
maisqueromano@mundo-r.com



Cata de viños

Cata gratuíta comentada impartida polo sumiller Bruno Lovelle o sábado 7 de xuño ás 20h00 no Centro do Viño de Ribeira Sacra en Monforte de Lemos (Lugo). Entrada libre ata completar aforo (30 persoas). Máis información e reservas en Tf: 698 167 991 / 982 410 968 ou en rutavino@ribeirosacra.org.

Concurso en Facebook

Realizarase o sorteo de cinco billetes para o **tren turístico da Ruta do Viño da Ribeira Sacra**. Participa e gaña entradas para o Tren do Viño subindo unha foto da túa asistencia ás "III Xornadas de Portas Abertas nas Rutas dos Viños de Galicia" ao Facebook da Ruta do Viño da Ribeira Sacra.

MÁIS INFORMACIÓN NA ASOCIACIÓN DA RUTA DO VIÑO RIBEIRA SACRA

☎ 698 167 991 / 982 410 968

✉ rutavino@ribeirosacra.org

🌐 www.ribeirosacra.org

Ofertas especiais

Os seguintes establecementos fan ofertas especiais con motivo das III Xornadas:

Casa das Xacias

Chantada, Tf: 616 817 642

10% de desconto na reserva de aloxamento. Agasallo especial III Xornadas: estoxo de viños da Ribeira Sacra e cestiña de xabóns de uva Mencía.

Prádio

A Peroxa, Tf: 988 206 898 / 626 554 003

Unha noite en habitación dobre con almorzo, cea e visita a Prádio viñado e adega máis cata degustación: 115€. Dúas noites en habitación dobre con almorzo, cea e visita a Prádio viñado e adega máis cata degustación: 220€.

O Remanso dos Patos

Nogueira de Ramuín, Tf: 988 777 023

Dúas noites en cuarto dobre estándar con almorzo incluído, máis unha cea (menú temático da Ruta do Viño), e un tratamento corporal con uvas (peeling e masaxe): 179€/noite





RUTA DO VIÑO RIBEIRA SACRA / 7 e 8 de xuño

Restaurante O Remanso dos Patos

Menú 1

1º: Terrina de foie gras caseira acompañada de cebola acaramelada ao viño tinto de Mencía + maridaxe cunha copa de viño D.O.

2º: Queixadas estufadas ao viño de Mencía coas súas verduras e arroz basmati + maridaxe con copa de viño D.O.

Sobremesa: Peras ao viño con canela servidas con xeado de vainilla.

Auga do Paraño, pan de centeo caseiro, café e grolíño.

Menú 2

1º: Lagostinos salpimentados ao Godello + maridaxe con copa de viño D.O.

2º: Picantón asado ao viño tinto de Mencía con verduras e patacas da horta + maridaxe cunha copa de viño D.O.

Sobremesa: Mousse de viño tinto con framboesas.

Auga do Paraño, pan de centeo caseiro, café e grolíño.

Restaurante Rectoral de Castillón

Menú 1

1º: Chulas de bacallau con pisto + maridaxe cunha copa de viño D.O.

2º: Xarrete ao viño Mencía + maridaxe cunha copa de viño D.O.

Sobremesa: Xeado de castañas.

Café ou infusión e grolíño.

Menú 2

1º: Tímbal da Ribeira Sacra + maridaxe cunha copa de viño D.O.

2º: Pescada rechea + maridaxe cunha copa de viño D.O.

Sobremesa: Torta de trufa con prebe de vainilla.

Café ou infusión e grolíño.

Restaurante La Viuda

Menú 1

1º: Ensalada de pasapallás ou caldo galego + maridaxe cunha copa de viño D.O.

2º: Xarrete ao Mencía ou pescada á galega + maridaxe con copa de viño D.O.

Sobremesa: Chulas de viño tinto ou sobremesas caseiras.

Café e licores.

Menú 2

1º: Callos ou petiscos + maridaxe cunha copa de viño D.O.

2º: Xarrete ao Mencía ou pescada á prancha + maridaxe cunha copa de viño D.O.

Sobremesa: Chulas de viño tinto ou sobremesas caseiras.

Café e licores.

Restaurante Mogay

Menú 1

"Fragullas" de benvida: Queixo Arzúa-Ulloa maduro con galletas mariñeiras.

1º: Vieiras ao forno con cebola confeitada e lascas de xamón + maridaxe cunha copa de viño D.O.

2º: Pito campeiro "en pepitoria" guisado ao xeito tradicional con patacas + maridaxe cunha copa de viño D.O.

Sobremesa: Surtido da casa: torta de améndoas, rosquiñas de castañas, biscoito de chocolate e nozes.

Copa de viño doce ou licor. Café.

Menú 2

"Fragullas" de benvida: Queixo Arzúa-Ulloa maduro con galletas mariñeiras.

1º: Entremeses da Ribeira Sacra: lacón prensado, trufado de tenreira e chourizo da matanza. Filloas recheas con gambas e nabizas salteadas + maridaxe cunha copa de viño D.O.

2º: Asado de vitela ao viño Mencía con verduras de tempada + maridaxe cunha copa de viño D.O.

Sobremesa: logur artesán natural con froitas de tempada confeitadas.

Copa de viño doce ou licor. Café.

